

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela

REUNIDOS

Don José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

Don Xoaquín E. Monteagudo Romero, con DNI 33216418-W, presidente da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia, con CIF G-15075013, que actúa en nome e representación desta entidade segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

EXPOÑEN

1. Que de acordo co que dispoñen o Estatuto de autonomía para Galicia e Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega correspóndelle ao Goberno galego, que deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.



2. Que as dúas entidades son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.
3. Que no ámbito da Administración autonómica galega lle corresponden á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, as competencias de promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia e, para abranguer todos os eidos sociais debe procurar a colaboración, na medida do posible, con outras asociacións ou entidades que traballan a prol do galego dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Que a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística é unha entidade sen ánimo de lucro que representa a un importante colectivo de persoas que serven ás administracións públicas e na que conflúen funcionarios e funcionarias de diferentes áreas. Desde os seus inicios, esta entidade desenvolve un importante labor a prol da defensa do idioma galego e de cara á completa normalización da lingua galega nos ámbitos nos que desenvolve as súas actividades.
5. Que para conseguir a galeguización da Administración se necesitan implantar unha serie de medidas para estender a presenza da lingua galega nas súas relacións laborais e, en especial, coa cidadanía.
6. Que dentro destes obxectivos se enmarcan as actividades que promove a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística coa finalidade de impulsar e desenvolver, conxuntamente coas administracións públicas galegas e en especial coa Xunta de Galicia, actuacións e traballos destinadas ao funcionariado para mellorar a súa aptitude de cara á



lingua no ámbito da Administración, polo que non resulta posible promover a concorrencia pública para tal fin.

7. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística son conscientes da relevancia do proceso de normalización lingüística e da responsabilidade que nesta materia teñen todas as institucións galegas, e por iso manifestan a súa vontade de continuar colaborando no ano 2025 na promoción e fomento da lingua galega.

Polo exposto, ambas as dúas entidades asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Asociación de Funcionarios para dinamizar o proceso normalizador entre o persoal das distintas administracións públicas que prestan servizos na Comunidade Autónoma de Galicia.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a impulsar o uso e a defensa da lingua galega, de xeito que todo o funcionariado destinado en Galicia domine a lingua galega nas súas versións oral e escrita e poda atender e informar en galego.

Segunda. Obrigas da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística



En cumprimento das obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan de normalización da lingua galega, mediante a sinatura deste convenio as partes colaborarán na realización en lingua galega das seguintes accións:

- **ACCIÓN I. Mantemento das páxinas web**

Mantemento das páxinas webs da Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística (AFNL), IXUGA (Irmandade Xurídica Galega) ISAGA (Irmandade Sanidade Galega) , mantemento da canle galeguizargalicia.tv, Facebook e Youtube.

- **ACCIÓN II. En galego, agora e sempre**

Continuaranse a promover actos de sinatura de derradeiras vontades en colaboración cos concellos de Galicia, incentivando o uso do galego tamén no ámbito da memoria porque é esencial para que o galego perviva para sempre.

- **ACCIÓN III. Irmandade xurídica galega (IXUGA)**

Normalizar o uso do galego entre os operadores xurídicos a través da Irmandade Xurídica Galega que é a rama xurídica da AFNLG, na cal máis de 300 persoas do ámbito xurídico (avogados/as, maxistrados/as e fiscais, persoal administrativo da xustiza, etc.) realizan a súa función en galego creándose unha rede necesaria para consolidar o galego como lingua de uso no eido xurídico.

- **ACCIÓN IV. Irmandade da Sanidade Galega (ISAGA)**

ISAGA é outro colectivo de AFNLG, a través do que se incidirá para normalizar plenamente o uso do galego na sanidade en Galicia. O obxectivo crear unha rede que apoie e aglutine as persoas conscientes dese ámbito que utilizan o galego para as relacións paciente/profesional para que a lingua galega teña unha presenza real na sociedade.

- **ACCIÓN V. Mil festas máis para a lingua galega**



Neste ano no que o Día das Letras Galegas é dedicado ás cantareiras e pandeireteiras fomentárase o uso deste tipo de música tamén entre a mocidade.

A Asociación encargárase de organizar, xestionar e executar todas as actividades incluídas neste convenio, así como facilitar o persoal, infraestruturas e os medios de que dispón para a súa execución.

Terceira. Modificación do convenio / redistribución de cantidades entre diferentes actividades

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentárase mediante a correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Cuarta. Asesoramento lingüístico

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua



comprométese a facilitarlle á Asociación de Funcionarios, cando sexa preciso, o apoio e o asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Quinta. Financiamento

O orzamento das actividades previstas neste convenio ascende a un total **15.148,80 €**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua colaborará cunha achega por importe de **15.000,00 €**, con cargo á partida orzamentaria 13.02.151A.640.6 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025.
- A Asociación de Funcionarios contribuirá coa cantidade restante de **148,80 €**.

As ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e uso dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuito para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Neste convenio establécese o réxime de financiamento, con expresión da contía máxima e identificación da partida orzamentaria, así como o procedemento para a liquidación dos compromisos económicos contraídos pola Consellería, a través da Secretaría Xeral da Lingua

O investimento e o gasto deste convenio vaise a realizar en toda a comunidade autónoma, dado que é o ámbito de actuación da asociación.



Sexta. Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A.

Para percibir a achega establecida na estipulación anterior a Asociación de Funcionarios presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2025, a seguinte documentación:

- Certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa implantación. Esta xustificación realizarase mediante as correspondentes facturas facturas.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- No caso de que se publiquen traballos entregarase nesta Secretaría Xeral un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.
- Ficha resumo de execución do convenio (anexo I que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao abeiro do



convenio e por iso, xustifique gastos de persoal, a suma destes gastos non poderán superar o 30% do importe total do convenio.

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A Asociación facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sétima. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega, no ano 2003, tal e como se establece na



disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación, será considerada causa específica de resolución deste convenio.

Oitava. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro de 2016), co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295. do 10 de decembro de 2013) e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto de 2006).

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Novena. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.



Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e deste convenio.

Décima. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data do seu asinamento e ata o 30 de novembro de 2025, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes por incumprimento dos compromisos que nel se recollen, cun mes de antelación polo menos, e non será posible a súa prórroga.

Décimo primeira. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento composta por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua e dous representantes da Asociación de Funcionarios, presidida por un dos representantes da secretaria Xeral da Lingua, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución, e poderá estar asistida polos técnicos necesarios. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo segunda. Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

De ser resolto o convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pode, se fose o caso, esixir a devolución da cantidade achegada.



Décimo terceira. Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo cuarta. Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo quinta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen unha persoa interesada que estea obrigada a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados e empregadas das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público. As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



Décimo sexta. Protección de datos de carácter persoal e dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos (DOUE núm. 119, do 4 de maio de 2016) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE núm. 294, do 6 de decembro de 2018), adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sétima. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade



publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo oitava. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017) segundo específica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que poidan xurdir como consecuencia da execución e interpretación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude

José Carlos López Campos

O presidente da Asociación de
Funcionarios para a Normalización
Lingüística de Galicia

Xoaquín Monteagudo Romero



ANEXO I
**ORZAMENTO DESAGREGADO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO POR ACCIÓNS E LIÑAS DE GASTO
CADRO DO IMPORTE TOTAL DO PROXECTO**

Liñas de acción/actividades do convenio	
1.ª actividade/acción, descrición: MANTEMENTO PÁXINAS WEBS AFNLG; IRMANDADE XURÍDICA GALEGA; IRMANDADE DA SANIDADE GALEGA; CANLE GALEGUIZAR GALICIA; FACEBOOK, YOUTUBE:	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1.ª) Mantemento ano 2025 páxinas AFNLG, IRMANDADE XURÍDICA GALEGA, IRMANDADE DA SANIDADE GALEGA	2.904,00 €
2.ª) Mantemento anual facebook, youtube: galeguizargalicia.tv 2º semestre/25	726,00 €
3.ª) Administración de contidos 2º semestre/2025 e posicionamento galeguizargalicia.gal e galeguizargalicia.com 2º semestre/25	1.838,80 €
TOTAL PARCIAL	5.468,80 €
2.ª actividade/acción, descrición: ACCIÓN "EN GALEGO, AGORA E SEMPRE"	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1.ª) Gravación acto, fotografía, invitación para redes sociais, etc	1.573,00 €
TOTAL PARCIAL	1.573,00 €
3.ª actividade/acción, descrición: ACCIÓN ÁMBITO XURÍDICO: ASEMBLEA IRMANDADE XURÍDICA GALEGA (IXUGA)	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1.ª) Gravación acto video, fotografía, diplomas, documentos sinaturas, invitación redes sociais, etc...	3.630,00 €
TOTAL PARCIAL	3.630,00 €
4.ª actividade/acción, descrición: ACCIÓN ÁMBITO SANITARIO: IRMANDADE DA SANIDADE GALEGA (ISAGA)	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1.ª) Gravación acto, fotografía, invitación redes sociais, etc... €	2.057,00 €
TOTAL PARCIAL	2.057,00 €
5.ª actividade/acción, descrición: ACCIÓN MIL FESTAS MÁIS PARA A LINGUA GALEGA	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1.ª) Produción micro documental recollendo intervencións de mulleres cantareiras e pandereteiras	2.420,00 €
TOTAL PARCIAL	2.420,00 €
TOTAL	15.148,80 €

